



ANTEPROXECTO DE ORDE sobre os libros-rexistro e o deber de información das persoas mediadoras de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento FA005A).

A Lei orgánica 6/1999, do 6 de abril, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, establece que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia de desenvolvemento legislativo e execución en materia de ordenación do crédito, banca e seguros. En aplicación da citada lei orgánica, polo Real decreto 1748/1999, do 19 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediadores de seguros, transferíronse á comunidade autónoma as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de mediación de seguros. Pola súa parte, mediante o Decreto 321/1999, do 16 de decembro, polo que se asumen funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia mediante o Real decreto 1748/1999, do 19 de novembro, en materia de mediadores de seguros e se lle asignan á Consellería de Economía e Facenda, as funcións e servizos transferidos se lle asignaron á Consellería de Economía e Facenda.

No exercicio das referidas competencias, publicáronse a Orde do 18 de xullo de 2000 pola que se crea o Rexistro de Corretores de Seguros, de Sociedades de Corretoría de Seguros e dos seus Altos Cargos e o Rexistro de Diplomas de Mediador de Seguros Titulado, o Decreto 118/2001, do 10 de maio, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma en materia de mediación en seguros privados e a Orde do 17 de xuño de 2005 sobre os libros-rexistro e o deber de información estatístico-contable dos corretores de seguros e as sociedades de corretoría de seguros.

A normativa estatal na materia estaba recollida na Lei 9/1992, do 30 de abril, de mediación en seguros privados e no Real decreto 301/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os libros-rexistro e o deber de información estatístico-contable dos corretores de seguros e as sociedades de corretoría de seguros. A Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, derogou a anterior Lei 9/1992, do 30 de abril, e obrigou á elaboración do novo Decreto 298/2008, do 18 de decembro, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación de seguros e reaseguros privados, co obxecto de recoller os cambios introducidos pola nova lei estatal, substituíndo o anterior Decreto 118/2001.

Na disposición derradeira primeira do mencionado Decreto 298/2008, facúltase á persoa conselleira competente en materia de economía para regular a información que deban remitir á dirección xeral con competencias en materia de supervisión de seguros as persoas mediadoras de seguros e reaseguros inscritas no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corretores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia. Con base nestas competencias, publicáronse a Orde do 10 de febreiro de 2009 sobre os libros-rexistro e o deber de información das/os mediadoras/es de seguros e reaseguros privados e a Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se regula o rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corretores de reaseguros e dos seus altos cargos, derogando as ordes do 18 de xullo de 2000 e do 17 de xuño de 2005.

Con posterioridade, o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional, derroga o Real decreto 301/2004, ampliando as obrigas de información e en materia contable e rexistral das persoas mediadoras de seguros inscritas nos rexistros administrativos, tendo a consideración de lexislación básica ao abeiro do disposto na súa disposición derradeira primeira.

A publicación desta norma fixo necesaria a ampliación da información estatístico-contable a subministrar polas persoas mediadoras de seguros e reaseguros inscritas no rexistro autonómico polo que, de acordo coa habilitación de desenvolvemento establecida na disposición derradeira da orde do 10 de febreiro de 2009, modificáronse os modelos de información contidos nos anexos desta orde a través da Resolución do 18 de abril de 2011, da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, pola que se aproban os modelos de información dos mediadores de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia.

Posteriormente e como consecuencia das necesidades de adaptación da información requirida ás persoas mediadoras, publicouse a Orde do 25 de marzo de 2014 sobre os libros-rexistro e o deber de información dos mediadores de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia, que derroga a orde do 10 de febreiro de 2009 e a resolución do 18 de abril de 2011.

Por outra parte, a Orde do 4 de maio de 2022 pola que se regula o Rexistro administrativo de distribuidores de seguros e reaseguros da Comunidade Autónoma de Galicia derogou a anterior orde do 17 de marzo de 2009, incorporando fundamentalmente as novidades lexislativas recollidas na Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, no Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras que a desenvolve e no Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento

xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais.

Así mesmo, a citada orde do 4 de maio de 2022 recolleu as novidades contidas no Real decreto 287/2021, do 20 de abril, sobre formación e remisión da información estatístico-contable dos distribuidores de seguros e reaseguros, e na Resolución do 3 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se establecen os principios básicos dos cursos e programas de formación para os distribuidores de seguros e reaseguros.

Ao longo do período de aplicación da orde do 25 de marzo de 2014 identificáronse diversas necesidades de adaptación que fan aconsellable que se proceda á súa revisión e modificación.

En primeiro lugar, e co fin de garantir a adecuada adaptación ao marco normativo estatal, mediante a presente orde incorpóranse no artigo 1 e no artigo 2 as obrigas de carácter básico establecidas no Real decreto 287/2021, do 20 de abril. Estas obrigas refírense, por unha banda, aos coñecementos, aptitudes e requisitos de formación que deben reunir as persoas mediadoras de seguros inscritas no rexistro autonómico para o exercicio da súa actividade e, por outra, á obriga de levar os libros-rexistro correspondentes, de conformidade co disposto na citada norma estatal.

En segundo lugar, abórdase a revisión e actualización dos modelos de información estatístico-contable, revisión que vén determinada tamén pola normativa de carácter básico e que fai preciso que os ditos modelos recollan a clasificación establecida legalmente en relación coa estrutura organizativa das persoas mediadoras de seguros, así como a relativa aos medios persoais cos que contan para o exercicio da súa actividade e os requisitos de formación que deben cumprir, engadindo as adaptacións que xa figuran na aplicación informática habilitada para o efecto.

Na revisión dos modelos de información estatístico-contable tívose en conta que a Orde ECM/1501/2024, do 23 de decembro, pola que se aproban os modelos estatístico-contables dos corretores de seguros, corretores de reaseguros, axentes de seguros vinculados e operadores de banca-seguros, que entrou en vigor o 2 de xaneiro de 2025, incorporou un elevado nivel de detalle da información que deben facilitar as persoas mediadoras sobre aspectos como a estrutura organizativa, os recursos técnicos e humanos e os procedementos internos de control. Ao non tratarse dunha norma de carácter básico, a Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das súas competencias como órgano supervisor, optou por un modelo de información simplificada, que permite alcanzar un axeitado equilibrio entre o esforzo requirido ás persoas mediadoras e a utilidade supervisora da información obtida, asegurando así unha supervisión eficaz e proporcionada ao medios dispoñibles. Non obstante, considerouse oportuno incorporar a obriga

de que as persoas mediadoras proporcionen información relativa ao número de pólizas intermediadas, desagregada por ramos de seguro. Esta medida permitirá dispor de datos máis desagregados e precisos sobre a actividade real do sector, o que contribúe de forma significativa a reforzar a eficacia das funcións públicas de supervisión, mellorando así a protección da clientela.

Por último, no que respecta á información estatístico-contable, incorpórase a obriga de reflectir información dos produtos de investimento baseados en seguros, dada a súa crecente relevancia e a súa especial natureza híbrida entre seguros e produtos financeiros. Así mesmo engádase a obriga de proporcionar información específica sobre os ciberriscos, en atención a súa progresiva consolidación como unha categoría diferenciada de risco.

Así mesmo, inclúese unha disposición adicional única coa finalidade de adecuar determinadas referencias normativas do Decreto 298/2008, do 18 de decembro, á terminoloxía actualmente vixente na lexislación básica estatal en materia de distribución de seguros e reaseguros e na Orde do 4 de maio de 2022 pola que se regula o rexistro administrativo de distribuidores de seguros e reaseguros. Deste modo, actualízanse as mencións relativas ao rexistro administrativo e á clasificación dos grupos de formación, co obxectivo de garantir a coherencia normativa e facilitar a correcta interpretación e aplicación do marco xurídico neste ámbito. Adicionalmente, e co mesmo propósito de asegurar a coherencia normativa, establécese que as referencias contidas no citado decreto a disposicións normativas que foron derogadas se entenderán realizadas, se é o caso, ás normas actualmente vixentes que regulan a mesma materia.

Na disposición derradeira primeira recóllese a modificación do artigo 18 da Orde do 4 de maio de 2022, pola que se regula o Rexistro Administrativo de Distribuidores de Seguros e Reaseguros da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta modificación responde á necesidade de unificar e clarificar as obrigas de comunicación das persoas distribuidoras de seguros respecto aos cambios na información que obra en poder da administración. O artigo 18 diferenciaba entre datos inscribíbles e non inscribíbles, establecendo para os primeiros un prazo concreto de comunicación e deixando aos segundos sen prazo específico. Coa nova redacción intégrase nun único apartado a obriga de notificar calquera modificación da información achegada na solicitude de inscrición, fixando un prazo uniforme de 15 días hábiles. Deste modo simplifícase o réxime aplicable e se dota de coherencia á norma, garantindo a actualización completa do rexistro administrativo.

Como consecuencia de todas estas modificacións, considérase necesario ditar unha nova orde que derroque a orde do 25 de marzo de 2014.

Esta norma adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e no artigo 129 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En aplicación dos principios de necesidade e eficacia, a norma persegue un interese xeral por canto adapta a regulación autonómica á normativa estatal de carácter básico. En cumprimento ademais dos principios de accesibilidade, de transparencia e de proporcionalidade, identifícanse claramente os obxectivos perseguidos coa norma e esta é o instrumento máis adecuado para conseguilos, contendo a regulación imprescindible para atender a necesidade referida. En aplicación do principio de eficiencia, a norma racionaliza a xestión dos recursos públicos e en virtude dos principios de simplicidade e de seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico, recollendo as modificacións necesarias, sendo a canle adecuada para facelo e, xerando un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e certo, co obxectivo de que sexan fáciles o seu coñecemento e a súa comprensión.

O texto da orde foi sometido ao trámite de información pública no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e audiencia coas entidades representativas no sector da mediación de seguros, regulado no artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Así mesmo, conta co informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade e o informe da Asesoría Xurídica.

A orde estruturarse en seis artigos, unha disposición adicional única, unha disposición transitoria única, unha disposición derogatoria, e tres disposicións derradeiras.

Como consecuencia, por proposta do centro directivo competente en materia de supervisión de seguros, no exercicio das facultades outorgadas polo artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

Artigo 1. Coñecementos, aptitudes e requisitos de formación

As persoas corretoras de seguros e reaseguros e as persoas axentes de seguros vinculadas inscritas no Rexistro administrativo de distribuidores de seguros na Comunidade Autónoma de Galicia deberán posuír os coñecementos e as aptitudes así como os requisitos de formación e desenvolvemento profesional permanentes conforme ao establecido nos capítulos II e III no Real

decreto 287/2021, do 20 de abril, sobre formación e remisión da información estatístico-contable dos distribuidores de seguros e reaseguros.

Artigo 2. Libros-rexistro

As persoas corretoras de seguros e reaseguros inscritas no Rexistro administrativo de distribuidores de seguros e reaseguros da Comunidade Autónoma de Galicia, deberán levar os libros-rexistro, conforme o establecido no capítulo IV do real decreto 287/2021, do 20 de abril.

Artigo 3. Órgano competente

De conformidade coa disposición adicional primeira do Real decreto 287/2021, do 20 de abril, as referencias que neste se fan aos órganos da Administración Xeral do Estado entenderanse feitas á consellería ou ao órgano competente en materia de supervisión de seguros, no caso das persoas mediadoras de seguros e reaseguros inscritas no rexistro autonómico.

Artigo 4. Obrigas contables e de información das persoas corretoras de seguros e reaseguros e das persoas axentes de seguros vinculadas

Ao abeiro do habilitación normativa conferida na disposición final sétima do Real decreto-lei 3/2020, do 4 de febreiro e de conformidade co artigo 187 do dito texto legal, así como no capítulo V do Real decreto 287/2021, do 20 de abril, as persoas corretoras de seguros e reaseguros e as persoas axentes de seguros vinculadas inscritas no Rexistro administrativo de distribuidores de seguros na Comunidade Autónoma de Galicia, deberán remitir ao órgano con competencias en materia de supervisión de seguros a información contida nos anexos I e II desta orde.

Artigo 5. Presentación da información

A comunicación da información estatístico-contable anual das persoas corretoras de seguros e reaseguros e as persoas axentes de seguros vinculadas realizarase a través do procedemento FA005A respecto a aqueles períodos nos que exerceran a actividade de mediación, mesmo cando esta non se desenvolvese durante a totalidade do exercicio, como consecuencia da alta ou da cancelación da inscrición no rexistro administrativo.

A presentación da información realizarase unicamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados (anexos I e II) dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia,

<https://sede.xunta.gal> ou na páxina web VIA de usuarios autorizados da Consellería de Facenda e Administración Pública, <https://viap.cixtec.es/via/>.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

A remisión ao órgano con competencias en materia de supervisión de seguros da información contida nos anexos da presente orde deberá facerse como data límite o 30 de abril do ano seguinte ao que a información se refire. As instrucións para cubrir os diferentes modelos serán publicadas polo órgano con competencias en materia de supervisión de seguros a través da páxina web da consellería competente en materia de supervisión de seguros.

Artigo 6. Documentación complementaria

As persoas corretoras e as persoas axentes de seguros vinculadas deberán achegar no programa habilitado para os efectos, xunto coa información estatístico-contable anual, a seguinte información:

- a) No caso das persoas corretoras de seguros, informe do Servizo de Atención ao Cliente do exercicio correspondente á información estatístico-contable.
- b) Xustificación das horas de formación continua declaradas na información estatístico-contable.

Disposición adicional única. Adaptación de referencias

As referencias contidas no Decreto 298/2008, do 18 de decembro, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación de seguros e reaseguros privados relativas ao Rexistro Administrativo Especial de Mediadores de Seguros, Corredores de Reaseguros e dos seus Altos Cargos da Comunidade Autónoma de Galicia, entenderanse realizadas ao Rexistro Administrativo de Distribuidores de Seguros e Reaseguros da Comunidade Autónoma de Galicia, en coherencia coa denominación establecida pola lexislación básica actualmente vixente.

Así mesmo, as mencións aos grupos de formación previstas na normativa autonómica citada deberán interpretarse conforme á clasificación vixente establecida pola normativa básica estatal, referida aos niveis 1, 2 e 3, segundo os contidos e requisitos regulados no Real Decreto 287/2021, do 20 de abril, e nas disposicións de desenvolvemento.

As referencias contidas no citado decreto a disposicións normativas que foron derogadas se entenderán realizadas, se é o caso, ás normas actualmente vixentes que regulan a mesma materia.

Disposición transitoria única. *Réxime de aplicación da obriga de remisión dos novos modelos estatístico-contables*

Os primeiros modelos estatísticos-contables que, elaborados conforme ao previsto nos anexos I e II desta orde, deban ser remitidos ao centro directivo competente en materia de supervisión de seguros a partir da súa entrada en vigor, afectarán á información anual correspondente ao exercicio 2026.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta orde, en especial a Orde do 25 de marzo de 2014 sobre os libros-rexistro e o deber de información dos mediadores de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde do 4 de maio de 2022, pola que se regula o Rexistro Administrativo de Distribuidores de Seguros e Reaseguros da Comunidade Autónoma de Galicia*

Modifícase o artigo 18 que queda coa seguinte redacción:

Artigo 18. *Modificación da información*

1. As persoas distribuidoras de seguros deberán, nun prazo máximo de quince días hábiles desde o acordo de modificación, notificar ao órgano competente en materia de distribución de seguros os cambios na información facilitada na solicitude de inscrición ou nas súas posteriores modificacións.
2. Para a comunicación da información modificada, deberá presentarse unha solicitude de modificación de datos, conforme os modelos dos anexos I e XI (códigos de procedemento FA301A e FA301B). A solicitude deberá ir acompañada da documentación e anexos complementarios necesarios, segundo a modificación de que se trate, e presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

3. No caso de que as modificacións afecten a accións ou participacións significativas dunha sociedade de corretoría, deberá informar previamente para obter a non oposición do órgano competente e xuntar o anexo III xunto coa documentación e anexos complementarios que se especifican no dito anexo.
4. Tras a presentación da solicitude seguiranse os trámites previstos nos artigos 13 a 16. Tamén será de aplicación, no que proceda, o disposto no artigo 11 respecto da comprobación de datos. A competencia para modificar os datos que afecten á inscrición no rexistro corresponderalle á persoa titular do órgano competente en materia de distribución de seguros. As modificacións solicitadas incorporaranse ao rexistro nos seguintes 3 días hábiles a aquel no que se dispoña da documentación completa para inscribilas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa*

Autorízase a persoa titular do centro directivo competente en materia de supervisión de seguros para adoptar todos os actos e medidas que sexan necesarios para o desenvolvemento e execución da presente orde e, en particular, para realizar as modificacións que procedan nos modelos que compoñen a documentación anual que figuran nos anexos desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Miguel Corgos López-Prado

Conselleiro de Facenda e Administración Pública

ANEXO I

Documentación estatístico-contable anual dos/as corretores de seguros e reaseguros

Modelos que compoñen a documentación estatístico-contable anual

Modelo 0/PF: Declaración do corretor de seguros e reaseguros, persoa física.

Modelo 0/PX: Declaración do representante legal do corretor de seguros e reaseguros, persoa xurídica.

Modelo 1: Estrutura da organización.

Modelo 2.1: Carteira de seguros intermediada. Distribución.

Modelo 2.2: Carteira de reaseguros intermediada. Distribución.

Modelo 3: Carteira de seguros/reaseguros intermediada. Distribución en ramos de non vida.

Modelo 4: Carteira de seguros/reaseguros intermediada. Distribución en ramos de vida.

Modelo 5.1: Datos contables do corretor de seguros e reaseguros, persoa física.

Modelo 5.2: Datos contables do corretor de seguros e reaseguros, persoa xurídica: conta de perdas e ganancias.

Modelo 5.3: Datos contables do corretor de seguros e reaseguros, persoa xurídica: balance.

MODELO 0/PF
EXERCICIO

DECLARACIÓN DO/A CORRETOR/A DE SEGUROS E REASEGUROS, PERSOA FÍSICA

NOME:		
CLAVE DE INSCRIPCIÓN:	NIF:	
OFICINA PRINCIPAL:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	MÓBIL:	
CORREO ELECTRÓNICO:	DOMINIO INTERNET:	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

Mediador de seguros complementario SI NON

DECLARO: Que os datos que figuran nos presentes modelos de información son certos e recollen fielmente a situación da miña actividade de corretor/a de seguros/reaseguros.

- 1.** Aos efectos de resolver calquera incidencia relacionada coa información contida nesta declaración autorizo como interlocutor co órgano competente en materia de supervisión de seguros a:

Nome e apelidos:

Teléfono de contacto:

Correo electrónico:

- 2.** Por último, remito información aclaratoria dos datos contidos nos seguintes modelos:

Por todo o anterior, formulo a presente declaración

En a de de

Asdo.:

MODELO 0/PX
EXERCICIO

DECLARACIÓN DO/A REPRESENTANTE LEGAL DO/A CORRETOR/A DE SEGUROS E REASEGUROS,
PERSOA XURÍDICA

DENOMINACIÓN SOCIAL:		
CLAVE DE INSCRICIÓN:	NIF:	
DOMICILIO SOCIAL:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
OFICINA PRINCIPAL:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	MÓBIL:	
CORREO ELECTRÓNICO:	DOMINIO DE INTERNET:	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

Mediador de seguros complementario SI NON

GRUPO DE ENTIDADES

¿Pertence a corretoría de seguros/reaseguros a un grupo de entidades? SI NON

Só encher en caso de responder SI: Grupo que exerce o control sobre a corretor/a de seguros/ reaseguros:

Domicilio do grupo que exerce o control:

Poboación: Provincia: Código Postal: País:

D/Dª, actuando en representación desta sociedade,

DECLARO: Que os datos que figuran nos presentes modelos de información son certos e recollen fielmente a situación da sociedade de corretoría de seguros/reaseguros á que represento.

1. Que o capital social é de € dividido en accións/participacións de €, subscritas polas seguintes persoas socias:

Nome e apelidos/Denominación	NIF/NIE	% Participación	Data de adquisición

2. Que as persoas que exercen como administradoras da sociedade son:

Nome e apelidos/Denominación	NIF/NIE	Cargo	Data de nomeamento

--	--	--	--

3. Que as persoas que integran o órgano de dirección así como as responsables da actividade de distribución son:

Nome e apelidos	NIF/NIE	Cargo	Data de nomeamento

¿Seguen vixentes estes datos no exercicio ? SI NON

8. Aos efectos de resolver calquera incidencia relacionada coa información contida nesta declaración autorizo como interlocutor co órgano competente en materia de supervisión de seguros a:

Nome e apelidos:

Teléfono de contacto:

Correo electrónico:

9. Por último, remito a información aclaratoria dos datos contidos nos seguintes modelos:

Por todo o anterior, formulo a presente declaración

En a de de

Asdo.:

MODELO 1
EXERCICIO

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRIPCIÓN:
--------------------	--------------------

ESTRUCTURA DA ORGANIZACIÓN

MEDIOS PERSOAIS	Órgano/persoa responsable da actividade	Empregados/as que asesoran	Empregados/as que informan	Colaborad. externos/as que asesoran	Colaborad. externos/as que informan	Outro persoal que asesora	Outro persoal que informa	Outros/as	TOTAL
Afectos a actividade de mediación									
NON afectos a actividade de mediación									

MEDIOS PERSOAIS E FORMACIÓN

MEDIOS PERSOAIS AFECTOS A ACTIVIDADE DE MEDIACIÓN	Formación Previa			Total
	1/A	2/B	3	
Órgano/persoa responsable da actividade				
Empregados/as que asesoran				
Empregados/as que informan				
Colaboradores/as externos/as que asesoran				
Colaboradores/as externos/as que informan				
Outro persoal que asesora				
Outro persoal que informa				
TOTAL				

FORMACIÓN CONTINUA

Pessoal	Nº	Horas	Medios	
			Propios	Alleos
Órgano/persoa responsable da actividade				
Empregados/as que asesoran				
Empregados/as que informan				
Colaboradores/as externos/as que asesoran				
Colaboradores/as externos/as que informan				
Outro persoal que asesora				
Outro persoal que informa				
Outros /as				
TOTAL				

OUTROS DATOS DA OFICINA PRINCIPAL E SUCURSAIS

Oficinas	Réxime	Empregados/as		Primas Devindicadas intermediadas(€)
		que asesoran	que informan	
	TOTAL			

MODELO 2.1
EXERCICIO

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRICIÓN:
--------------------	-------------------

CARTEIRA DE SEGUROS INTERMEDIADA

DISTRIBUCIÓN

Código Entidade	Entidade Aseguradora	Primas devindicadas intermediadas		% Vida	% Non vida	Rede				Tipo de pacto (ver lenda ao pé)	Primas Cobradas	
		Total negocio	Nova produción			Propia	Colaborador es/as externos/as que asesoran	Colaborador es/as externos/as que informan	Outros/as			
TOTAL					TOTAL							

Denominación	Descrición
Domiciliación bancaria	Non recibe fondos de clientes. Contractualmente pactouse de forma expresa coa EA que todos os importes aboados pola clientela se realizarán directamente a través de domiciliación bancaria en contas abertas a nome das entidades aseguradoras, e que todas as cantidades aboadas en concepto de indemnizacións se entregarán directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores de seguros, asegurados ou beneficiarios.
Entrega recibo EA	Recibe fondos de clientes, dispón de contas completamente separadas e asumiu o compromiso de ofrecer aos tomadores unha cobertura inmediata. Contractualmente o/a mediador/a está autorizado/a pola EA para recibir primas e entrega de recibo no momento do pago, garantindo cobertura inmediata segundo a carta de condicións subscrita. As indemnizacións entregaranse directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores.
Domiciliación e recibo EA	Non recibe fondos de clientes e/ou recibe fondos e dispón de contas separadas, ofrecendo cobertura inmediata. A carta de condicións asinada autoriza ao/a mediador/a para empregar calquera das dúas opcións anteriores coa súa clientela.
Sen pactos	Recibe fondos de clientes e dispón de contas completamente separadas pero NON asumiu o compromiso de ofrecer aos tomadores unha cobertura inmediata. O/a mediador/a acredita a súa capacidade financeira mediante aval ou seguro de caución, sen asumir o compromiso de ofrecer cobertura inmediata.

Defensa Xurídica (4)										
Asistencia										
Decesos										
Multirisco Fogar										
Multirisco Comunidades										
Multirisco Comercios										
Multirisco Industriais										
Outros Multiriscos										
Ciberriscos										
TOTAL NON VIDA										

MODELO 4
EXERCICIO

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRICIÓN:
--------------------	-------------------

CARTEIRA DE SEGUROS/REASEGUROS INTERMEDIADA

DISTRIBUCIÓN EN RAMOS DE VIDA

¿Intermedia produtos de investimento baseados en seguros (IBIPS)? SI NON

VOLUME TOTAL DE NEGOCIO					
	Primas devindicadas intermediadas (€)	% Primas	Comisións devindicadas(€)	Honorarios profesionais (€)	Nº de pólizas
INDIVIDUAL					
COLECTIVO					
TOTAL VIDA					

NOVA PRODUCCIÓN					
	Primas devindicadas intermediadas (€)	% Primas	Comisións devindicadas(€)	Honorarios profesionais (€)	Nº de pólizas
INDIVIDUAL					
COLECTIVO					
TOTAL VIDA					

MODELO 5.1
EXERCICIO

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRICIÓN:
--------------------	-------------------

DATOS CONTABLES DO CORRETOR/A DE SEGUROS E REASEGUROS, PERSOA FÍSICA

Investimento/Valor Engadido	
Valor engadido o custo dos factores	
Investimento bruto en bens materiais	
Importe neto da cifra de negocios	
a) Afecto á actividade de mediación	
a.1) Comisións percibidas	
a.2) Honorarios profesionais	
b) Resto de actividades	
Outros ingresos de explotación	
a) Afecto á actividade de mediación	
b) Resto de actividades	
Gastos de persoal	
a) Afectos á actividade de mediación	
b) Resto de actividades	
Outros gastos de explotación	
a) Afectos á actividade de mediación	
b) Resto de actividades	
Ingresos financeiros	
a) Afectos á actividade de mediación	
b) Resto de actividades	
Gastos financeiros	
a) Afectos á actividade de mediación	
b) Resto de actividades	
RESULTADO DA(S) ACTIVIDADE(S)	

MODELO 5.2
EXERCICIO

DATOS CONTABLES DO CORRETOR/A DE SEGUROS E REASEGUROS, PERSOA XURÍDICA: CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

Investimento/Valor Engadido	
Valor engadido o custo dos factores	
Investimento bruto en bens materiais	
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS ABREVIADA	
1. Importe neto da cifra de negocios	
1.a) Afecto á actividade de mediación	
1.a.1) Comisiões percibidas	
1.a.2) Honorarios profesionais	
1.b) Resto de actividades	
2. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo	
4. Aprovisionamentos	
5. Outros ingresos de explotación	
5.a) Afectos á actividade de mediación	
5.b) Resto de actividades	
6. Gastos de persoal (+ comisiões cedidas a colaboradores externos)	
6.a) Afectos á actividade de mediación	
6.b) Resto de actividades	
7. Outros gastos de explotación (-comisiões cedidas a col. externos e servizos bancarios)	
7.a) Afectos á actividade de mediación	
7.b) Resto de actividades	
8. Amortización do inmovilizado	
9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras	
10. Excesos de provisións	
11. Deterioro e resultado por alleamento do inmovilizado	
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	
12. Ingresos financeiros.	
13. Gastos financeiros. (+ servizos bancarios)	

14. Variación de valor razonable en instrumentos financieros	
15. Diferencias de cambio	
16. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financieros	
B) RESULTADO FINANCIERO (12+13+14+15+16)	
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)	
17. Impuestos sobre beneficios.	
D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+17)	

Modelo 5.2

MODELO 5.3
EXERCICIO

DATOS CONTABLES DO CORRETOR/A DE SEGUROS E REASEGUROS, PERSOA XURÍDICA: BALANCE

ACTIVO	
A) ACTIVO NON CORRENTE	
I. Inmobilizado intanxible.	
II. Inmobilizado material	
III. Investimentos inmobiliarios	
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo	
V. Investimentos financeiros a longo prazo	
VI. Activos por imposto diferido	
B) ACTIVO CORRENTE	
I. Activos non correntes mantidos para a venda	
II. Existencias	
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	
2. Accionistas (socios) por desembolsos exixidos	
3. Outros debedores.	
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo	
V. Investimentos financeiros a curto prazo	
VI. Periodificacións a curto prazo	
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	
TOTAL ACTIVO (A+B)	
PASIVO	
A) PATRIMONIO NETO	
A-1) Fondos Propios	
I. Capital	
1. Capital escriturado	
2. (Capital non exixido)	
II. Prima de emisión	
III. Reservas	
IV. (Accións e participacións en patrimonio propias)	
V. Resultados de exercicios anteriores	

VI. Outras achegas de socios	
VII. Resultado do exercicio	
VIII.(Dividendo a conta)	
IX. Outros instrumentos de patrimonio neto	
A-2) Axustes por cambios de valor	
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	
B) PASIVO NON CORRENTE	
I. Provisións a longo prazo	
II. Débedas a longo prazo	
1. Débedas con entidades de crédito	
2. Acredores por arrendamento financeiro	
3. Outras débedas a longo prazo	
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo	
IV. Pasivos por imposto diferido	
V. Periodificacións a longo prazo	
C) PASIVO CORRENTE	
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda	
II. Provisións a curto prazo	
III. Débedas a curto prazo	
1. Débedas con entidades de crédito	
2. Acredores por arrendamento financeiro	
3. Outras débedas a curto prazo	
IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo	
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	
1. Provedores	
2. Outros acredores	
VI. Periodificacións a curto prazo	
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	

ANEXO II

Documentación estatístico-contable anual dos/as axentes de seguros vinculados/as

Modelos que compoñen a documentación estatístico-contable anual

Modelo 0/AF: Declaración do axente de seguros vinculado, persoa física.

Modelo 0/AX: Declaración do representante legal do axente de seguros vinculado, persoa xurídica.

Modelo 1/AV: Estrutura da organización.

Modelo 2/AV: Carteira de seguros intermediada. Distribución.

Modelo 3/AV: Carteira de seguros intermediada. Distribución en ramos de non vida.

Modelo 4/AV: Carteira de seguros intermediada. Distribución en ramos de vida.

Modelo 5/AV: Datos contables.

2. Aos efectos de resolver calquera incidencia relacionada coa información contida nesta declaración autorizo como interlocutor/a co órgano competente en materia de supervisión de seguros a:

Nome e apelidos:

Teléfono de contacto:

Correo electrónico:

3. Por último, remito a información aclaratoria dos datos contidos nos seguintes modelos:

Por todo o anterior, formulo a presente declaración

En a de de

Asdo.:

MODELO 0/AX
EXERCICIO

DECLARACIÓN DO/A REPRESENTANTE LEGAL DO/A AXENTE DE SEGUROS VINCULADO/A, PERSOA XURÍDICA

DENOMINACIÓN SOCIAL:		
CLAVE DE INSCRICIÓN:	NIF:	
DOMICILIO SOCIAL:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
OFICINA PRINCIPAL:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	MÓBIL:	
CORREO ELECTRÓNICO:	DOMINIO DE INTERNET:	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

Mediador de seguros complementario SI NON

GRUPO DE ENTIDADES

¿Pertence a axencia de seguros vinculada a un grupo de entidades? SI NON
Só encher en caso de responder SI: Grupo que exerce o control sobre a axencia de seguros vinculada:

Domicilio do grupo que exerce o control:

Poboación: Provincia: Código Postal: País:

D/Dª, actuando en representación desta sociedade,

DECLARO: Que os datos que figuran nos presentes modelos de información do/a axente de seguros vinculado/a persoa xurídica son certos e recollen fielmente a situación da entidade á que represento.

1. Que o capital social é de € dividido en accións/participacións de €, subscritas polas seguintes persoas socias:

Nome e apelidos/Denominación	NIF/NIE	% Participación	Data de adquisición

1. Que as persoas que exercen como administradores da sociedade son:

Nome e apelidos/Denominación	NIF/NIE	Cargo	Data de nomeamento

Por todo o anterior, formulo a presente declaración

En a de de

Asdo.:

MODELO 1 /AV
EXERCICIO

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRICIÓN:
--------------------	-------------------

ESTRUCTURA DA ORGANIZACIÓN

MEDIOS PERSOAIS	Órgano/persoa responsable da actividade	Empregados/as que asesoran	Empregados/as que informan	Colaborad. externos/as que asesoran	Colaborad. externos/as que informan	Outro persoal que asesora	Outro persoal que informa	Outros/as	TOTAL
Afectos a actividade de mediación									
NON afectos a actividade de mediación									

MEDIOS PERSOAIS E FORMACIÓN

MEDIOS PERSOAIS AFECTOS A ACTIVIDADE DE MEDIACIÓN	Formación Previa			Total
	1/A	2/B	3	
Órgano/persoa responsable da actividade				
Empregados/as que asesoran				
Empregados/as que informan				
Colaboradores/as externos/as que asesoran				
Colaboradores/as externos/as que informan				
Outro persoal que asesora				
Outro persoal que informa				
TOTAL				

FORMACIÓN CONTINUA

Persoal	Nº	Horas	Medios	
			Propios	Alleos
Órgano/persoa responsable da actividade				
Empregados/as que asesoran				
Empregados/as que informan				
Colaboradores/as externos/as que asesoran				
Colaboradores/as externos/as que informan				
Outro persoal que asesora				
Outro persoal que informa				
Outros/as				
TOTAL				

OUTROS DATOS DA OFICINA PRINCIPAL E SUCURSAIS

Oficinas	Réxime	Empregados/as		Primas Devindicadas intermediadas(€)
		que asesoran	que informan	
	TOTAL			

MODELO 2.1
EXERCICIO

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRIPCIÓN:
--------------------	--------------------

CARTEIRA DE SEGUROS INTERMEDIADA

DISTRIBUCIÓN

Código Entidade	Entidade Aseguradora	Primas devindicadas intermediadas		% Vida	% Non vida	Rede			Fondos de clientes (ver lenda ao pé)
		Total negocio	Nova produción			Propia	Colaboradores/as externos/as que asesoran	Colaboradores/as externos/as que informan	
	TOTAL				TOTAL				

Denominación	Descrición
Non recibe fondos de clientes	Contractualmente pactouse de forma expresa coa EA, que todos os importes aboados pola clientela se realizarán directamente a través de domiciliación bancaria en contas abertas a nome das entidades aseguradoras, e que todas as cantidades aboadas en concepto de indemnizacións se entregarán directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores de seguros, asegurados ou beneficiarios.
Recibe fondos de clientes	Recibe fondos de clientes e dispón de contas completamente separadas de conformidade co disposto no artigo 136.4 do Real decreto-lei 3/2020.

R.C en Xeral-Riscos Nucleares								
R.C en Xeral-Outros Riscos								
Crédito								
Caución								
Perdas Diversas								
Defensa Xurídica (4)								
Asistencia								
Decesos								
Multirisco Fogar								
Multirisco Comunidades								
Multirisco Comercios								
Multirisco Industriais								
Outros Multiriscos								
Ciberriscos								
TOTAL NON VIDA								

MODELO 4/AV
EXERCICIO

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRICIÓN:
--------------------	-------------------

CARTEIRA DE SEGUROS INTERMEDIADA

DISTRIBUCIÓN EN RAMOS DE VIDA

¿Intermedia productos de investimento baseados en seguros (IBIPS)? SI NON

	VOLUME TOTAL DE NEGOCIO			
	Primas devindicadas intermediadas (€)	% Primas	Comisións devindicadas(€)	Nº de pólizas
INDIVIDUAL				
COLECTIVO				
TOTAL VIDA				

	NOVA PRODUCCIÓN			
	Primas devindicadas intermediadas (€)	% Primas	Comisións devindicadas(€)	Nº de pólizas
INDIVIDUAL				
COLECTIVO				
TOTAL VIDA				

MODELO 5
EXERCICIO

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRICIÓN:
--------------------	-------------------

DATOS CONTABLES

Investimento/Valor Engadido	
Valor engadido o custo dos factores	
Investimento bruto en bens materiais	
1. INGRESOS DA ACTIVIDADE DE MEDIACIÓN DE SEGUROS	
Comisións percibidas das entidades aseguradoras	
Ingresos financeiros	
Outros ingresos	
Total ingresos	
2. GASTOS DA ACTIVIDADE DE MEDIACIÓN DE SEGUROS	
Custos de persoal en metálico ou en especie	
Comisións aboadas a colaboradores externos/redes de distribución	
Formación continua	
Gastos financeiros	
Outros gastos	
Total gastos	
INGRESOS-GASTOS (Actividade de Mediación de Seguros)	
3. CONTA DE PERDAS E GANANCIAS: TOTAL	
Total ingresos	
Total gastos	
INGRESOS-GASTOS (Total)	